

OCIO Y CULTURA

Rodríguez Baixeras recibiu unha homenaxe da AELG en Ribadeo

MARÍA CUADRADO

ribadeo / la voz 03 de junio de 2012 05:00

A Asociación de Escritores de Lingua Galega (AELG) e o pobo de Ribadeo renderonlle onte unha homenaxe ao poeta Xavier Rodríguez Baixeras (Tarragona, 1945). Foi na vila ribadense onde este mestre xubilado estudou as súas primeiras letras e o lugar no que se estableceu, onde traballa nun dicionario sobre a comida galega.

A homenaxe celebrouse en tres escenarios distintos. No parque municipal Os Canapés, no barrio de O Xardín, descubriuse un monólito e plantouse a árbore elixida polo escritor; unha palmeira. Tras a recepción no Concello, a comitiva de amigos, autoridades locais e membros da asociación desprazáronse ao Forte de San Damián. Desta atalaia que mira ao Cantábrico, Rodríguez Baixeras conserva moitas lembranzas dos xogos da súa nenez, algúns asociados a vellas lendas de tesouros escondidos. Desde onte, o parque que rodea o forte leva o seu nome. O alcalde, Fernando Suárez, lembrou o acordo municipal da xunta de voceiros para celebrar esta homenaxe, na que non faltou a laudatio de Xosé María Álvarez Cáccamo nin a entrega ao poeta dunha peza escultórica de Silverio Rivas. Ao acto acudiu o presidente da AELG, Cesáreo Sánchez, e outros membros.

